Á SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Isabel Vilalba Seivane, maior de idade, con DNI 77594980-H, co mesmo enderezo a efectos de notificacións e comunicacións que a Organización á que representa, en nome e representación do SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS, con enderezo en R/Ofelia Nieto, 13-23, 15705, Santiago de Compostela, CIF G-27023951, por ser Secretaria Xeral do mesmo e a súa representante legal, comparezo para **MANIFESTAR**:

1) Que se publicou na páxina de TRANSPARENCIA da Xunta de Galicia ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA.

2) Que o prazo para remitir suxestións remata o día 15 de Setembro de 2021.

3) Que por medio do presente escrito pasan a formularse as seguintes

CONSIDERACIÓNS PREVIAS:

Primeira e única.-

En canto á lexitimidade da Organización que presenta este texto, dicir que goza da condición de estar entre as "máis representativas" de acordo co establecido na Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario de Galicia. Condición reforzada coa súa presenza - avalando a súa representación ante as administracións públicas - en numerosos órganos de consulta e diálogo entre a Administración e as organizacións da sociedade civil, como o CES-Galicia, o Consello Galego de Estatística, o Consello Galego de Medio Ambiente, o Consello Forestal de Galicia, o Consello Reitor de “Augas de Galicia”, por citar só algúns.

O artigo 2 dos seus estatutos indica como fins propios, entre outros; "Lograr o desenvolvemento profesional, cultural e económico dos agricultores galegos en xeral e dos seus asociados en particular".

4) Que en relación co Anteproxecto referido, pasamos a facer as seguintes

SUXESTIÓNS:

Primeira .-

No **artigo 5, 2º**, o prazo establecido de 2 anos quizá sexa un pouco excesivo, o que se suxire que se acorte o mesmo, dada a súa importancia para a implementación da norma.

Segunda .-

No **artigo 6,1º,b)**, quizáis a solución non sexa correcta para todos os casos. Poden ser concellos cunha poboación moi similar, ou tratarse de máis de dous concellos e o máis grande representar unha porcentaxe mesmo moi pequena no conxunto da poboación. Deberían establecerse mecanismos para a participación dos concellos de menos habitantes, especialmente cando hai unha relativa aproximación na poboación entre concellos.

Terceira.-

No artigo 6, 2º) a maioría pode ser complicada de acadar, porque pode ser un número par de entidades e non haber acordo entre elas. Cada entidade ten un voto? Que pasa en caso de "empate entre entidades"? Este artigo debera se obxecto dunha maior clarificación na procura da operatividade e da representatividade, evitando a posibilidade de bloqueos institucionais.

Cuarta .-

No artigo **12,2º)**, entendemos que onde se di "cuadalímetros" quérese dicir "caudalímetros".

Quinta.-

No **artigo 18, e)** contense a expresión "tarefas de conservación e mantemento axeitadas".

Debería obxectivarse este termo en base a estándares ou parámetros de referencia.

Sexta.-

No **artigo 30**, debería aclararse como se conxuga o tributo coa fiscalidade municipal sobre a materia.

Sétima.-

No artigo **36,3º** alúdese a "numero de vivendas, oficinas ou locais", cando as vivendas poden ter diferentes dimensións, debendo facerse referencia a metros cadrados construídos ou habitábeis.

Oitava.-

No **artigo 42**, que regula o baleirado de fosas sépticas. A parte de cota fixa establece (como o nome indica) unha contía idéntica para todos os casos, que pode representar unha porcentaxe bastante

importante sobre o total pagado. Unha cota fixa, de existir, debe representar unha porcentaxe pequena sobre o total pagado, para que pague máis quen máis use o servizo. De modo que, de regularse unha cota fixa, esta debería ser, na nosa opinión, menor, de modo que pese máis a porcentaxe de volume e menos a de cota fixa.

Todo o procedemento de solicitude e xestión non se regula na Lei, de modo que cando menos debe contemplarse a necesidade de desenvolvemento regulamentario destas cuestións.

Novena.-

No **artigo 46,2º, b)**, a última frase parece non ter lóxica, pois suxeito pasivo debería ser a titular, neste caso a "comunidade".

Décima.-

No **artigo 47,2,b)**, debería considerarse que os efectos se estenden cara atrás ao momento en que se estea xuridicamente en situación de exclusión social.

Décimo primeira.-

No artigo **53,7º**, debería substituírse "dicha" por "dita".

Décimo segunda.-

No **artigo 54**, fálase de deducións por familia numerosa. Sexa para as exencións, sexa para as bonificacións, debería estenderse a categoría de persoas beneficiarias a colectivos vulnerábeis ou situacións de vulnerabilidade, como é o caso das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Décimo terceira.-

Na **Disposición Transitoria Segunda, punto 2,** o anteproxecto establece que as entidades subministradoras e as prestadoras do servizo están obrigadas a repercutir e esixir o coeficiente de vertido aos seus aboados nas facturas de auga correspondentes a períodos de facturación anteriores á entrada en vigor desta lei, así como están obrigadas a repercutir o coeficiente de vertido aos subministros non facturados regulados no artigo 63 da Lei de Augas de Galicia. Dende o noso punto de vista isto é de todo inaceptable, pois vulnera flagrantemente o principio de irretroactividade das disposicións sancionadoras ou restritivas de dereitos individuais establecido no artigo 9.3 CE, só sendo aplicable a retroactividade cando a aplicación da norma deveña un trato máis favorable, nunca en prexuízo. Por iso, entendemos que esta obriga de repercutir con carácter retroactivo debera de eliminarse do corpo da norma.

E para que así conste, en Santiago de Compostela, a 14 de setembro de 2021.

Asdo: Isabel Vilalba Seivane

Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas

Asinado por:
Isabel Villalba Seivane
Secretaria Xeral
Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas
cun certificado emitido por AC Representación